

# E/INMIGRACIÓN

**Reflexión**  
**E/inmigración**  
**Consecuencias**  
**O traballo**  
**Organismos**

**Grupo de Trabajo "Dinamización da biblioteca  
escolar". CPI "Luís Díaz Moreno"  
BARALLA (LUGO)**

## E/INMIGRACIÓN

**No ano internacional da Terra temos que facer unha reflexión en torno ós movementos de poboación. Se hai ben poucos anos España desangrábase polo fenómeno da emigración, hoxe é país receptor de inmigrantes, precisamente daqueles países que outrora recibiran ós españois e que lles deran o pan. Que ocorre? Isto demostra que non é culpa da Terra. A Terra é a mesma. Logo somos nós, os poboadores da Terra, os culpables de que moitas persoas non teñan garantido o dereito de vivir na súa terra.**

Dende a segunda metade do século XIX, boa parte dos homes das zonas máis desfavorecidas de España emigraron cara a América. A razón principal, a incapacidade de prosperar cos beneficios que daba a terra. Noutros casos para evadir o servizo militar.

A emigración feminina é menos importante pero tamén contribuíu á



sangría de xente moza que se produciu no país e sobre todo en Galicia. Algúns destes emigrantes voltaron para a súa terra ricos e deixaron unha pegada na paisaxe coas coloristas casas de indianos que salpican a xeografía das zonas de

emigración como Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco etc. Nas zonas rurais chámanse "villas".

Logo tivo lugar a emigración forzosa derivada da Guerra Civil, o exilio, de características distintas a anterior. E por último, a emigración europea dende os anos sesenta, e a interior ás zonas industrializadas.

## ABANDONO FAMILIAR

Unha das consecuencias da emigración é o abandono familiar. O cabeza de familia unhas veces e os irmáns solteiros outras, eran quen es solían emigrar para probar fortuna e, no mellor dos casos, poder voltar ricos ou levar para alá ó resto da familia. A muller, a noiva, os fillos quedaban a esperar e moitas veces convertíanse nas viúvas ou orfos de vivos. En todo caso, a separación era dramática tal como quedou plasmado nestas desgarradoras fotografías.



Dende o punto de vista humano, a emigración é un xeito máis de escravitude. O emigrante é escravo da súa propia miseria económica, que

o bota polo mundo, e segue a súa escravitude polas condicións derivadas da emigración. A emigración foi e é a negación do dereito máis sagrado que ten o ser humano : o dereito á vida na súa terra natal.



Agora cambiáronse as tornas. España deixou de ser un país de emigrantes e convertiuse nun país receptor de inmigrantes. Un dos máis importantes de Europa en número de inmigrantes recibidos.

Hai unha total similitude entre a emigración dos galegos de onte e os inmigrantes que recibimos hoxe. O denominador común dos sentimentos é o mesmo.



Estas persoas teñen o dereito, a pesar das súas irregularidades, que nos tomemos o tempo de explicar a orixe da súa situación, de explicar cales son os seus dereitos.

A búsqueda de medios que respeten na súa totalidade ó ser humano é moi difícil pero valiosa

...á búsqueda de mellores condicións de vida, aínda que para eso deban facer unha viaxe prohibida que os alonxará dos lugares onde naceron ou medraron e onde moitos deixaron máis que as súas casas



## OS TRABALLOS

Os emigrantes soen ser xente sen terras e con escasa cualificación laboral. Así foi a emigración española e, particularmente, a galega a América e posteriormente a Europa ou dentro do propio país. Esta xente traballaba sobre todo no campo e no sector servizos.

Destacan os seguintes traballos:

- Campo: cana de azúcar, segas de castela, vendimia en Francia, traballos agrícolas nos continentes americano e europeo.
- Servizos: construción, limpeza, servizo doméstico.
- Industria: altos fornos, fábricas, automóbil.
- Minería.

Dise que hai unha forza que impulsa ó galego a marchar pero tamén a voltar. Deste xeito moitos emigrantes voltaban. Os que o facían traían con eles un pequeno capital que lles permitía abrir un negocio nas cidades.

Na actualidade españa é un receptor de emigrantes. Son persoas xoves que non poden sobrevivir nos seus países de orixe e están dispostos a traballar en condicións e en traballos que moitos españois non aceptaríamos nunca. Empléanse normalmente en:

- Agricultura (Almería, Murcia, Lleida)
- Construción (Madrid, Barcelona, País Vasco, Galicia)
- Minería (Asturias, León, Palencia)
- Sector servizos (Limpezas, servizo doméstico)



**A política de restricción á inmigración que hai en Europa provoca que moitos destes inmigrantes non poidan entrar legalmente e se xoguen a vida para conseguir chegar a España.**

Dende ese momento vense obrigados a vivir en condición marxinais e a aceptar traballos que están fóra da legalidade.



## **ORGANISMOS, ONGs SOBRE E/INMIGRACIÓN**

Estes son os organismos que atenden ós inmigrantes en España dependendo de cada provincia.

CARITAS

CEAR Comisión Española de Axuda ó Refuxiado.

AESCO América-España Solidariedade e Cooperación.

ATIME Asociación de traballadores marroquís en españa

CONFEDERACIÓN SINDICAL DE CC.OO.

ACCEM Comisión católica española de migracións

ASTI Asociación de solidariedade cos traballadores inmigrantes

CEPAIN Consorcio de entidades para a acción integral con migrantes

COAG Coordinadora de organizacións de agricultores e gandeiros

Asociación España ACNUR

RED ACOGE Federación de asociacións pro inmigrantes.

INTAMPEX Asociación para a integración e amparo ó inmigrante extranxeiro.